



Concello de Cuntis

II CONCURSO DE DECORACIÓN E ILUMINACIÓN DE NADAL – CONCELLO DE CUNTIS

BASES

Primeiro. – OBXECTO

O obxectivo do presente concurso é involucrar aos establecementos do municipio na decoración de Nadal para atraer á clientela ao comercio local de Cuntis. Trátase de animar ao público a visitar os negocios do municipio nesta época, de forma que sexan atractivos aos/ás visitantes, e se visualice a compra no pequeno comercio. Preténdese tamén facer unha pequena achega e premiar o seu esforzo, axudándolle de forma simbólica a afrontar a crise que está a xerar a pandemia provocada pola COVID – 19.

Segundo. - PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles **establecementos** (comercios, hostalería e calquera outro que teña actividade económica no concello) situados no municipio de Cuntis. Deberán adornar e iluminar o seu escaparate ou zonas exteriores con motivos de Nadal, segundo os criterios de participación que se expoñen no punto terceiro.

Só se aceptará unha inscrición por cada comercio, polo que no caso de existir varios escaparates, valorarase a decoración de forma global e conxunta.

Terceiro. - REQUISITOS, PRAZOS E INSCRICIÓNS

Requisitos de participación

- A decoración dos escaparates deberá realizarse con motivos e ambiente propios do Nadal, sendo de toda liberdade o deseño, a técnica e o estilo utilizados.
- A iluminación será parte obrigatoria da decoración.
- Deberase usar algún tipo de material reciclado.
- Os establecementos participantes quedan obrigados a manter a decoración visible ao público, ininterrompidamente, dende o día 15 de decembro do 2021 ata o día 6 de xaneiro de 2022 ás 23:55 h.(ambos inclusive).
- A decoración deberá incluír algunha mensaxe escrita e que sexa ben visible dende o exterior. O uso do galego é obrigatorio.
- A decoración deberá ser visible dende o exterior dos establecementos.
- Os establecementos participantes cederán o uso da súa imaxe e da súa decoración a esta Institución, para promover este concurso nas redes sociais do Concello e nos medios de comunicación que se consideren necesarios e axeitados, única e exclusivamente con esta finalidade.

Inscricións e prazos

Entrega de solicitudes: as solicitudes (ANEXO I), debidamente cumprimentadas, presentaranse por rexistro no Concello (en horario de 9:00 h. a 13:30 h.) ou a través da Sede Electrónica (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal>).



Concello de Cuntis

A data límite de entrega será o 15 de decembro de 2021 (inclusive).

- **Montaxe da decoración:** a decoración deberá estar exposta ao público, como mínimo, dende o 15 de decembro de 2021 ata o 6 de xaneiro de 2022 ás 23:55 h. (ambos inclusive).

Cuarto. - PREMIOS

1º PREMIO: 200€
2º PREMIO: 150€
3º PREMIO: 100€
4º PREMIO: 50€
5º PREMIO: 50€

Entregaranse vales por cada unha destas cantidades, os cales deberán ser utilizados para a adquisición de produtos ou servizos, nun mínimo de 2 establecementos do concello de Cuntis que sexan participantes deste concurso. **Queda excluída a compra de calquera produto que sexa considerado nocivo para a saúde.**

A data límite para utilizar os vales é ata o **30 de xaneiro de 2022 (incluído)**. As persoas premiadas non poderán utilizar estes vales nun establecemento da súa propiedade.

No reverso do vale, os establecementos elixidos polas persoas gañadoras terán que indicar o importe da compra e o seu selo. A data límite para a entrega do vale cuberto na OMIX é ata **30 de xaneiro de 2022**. Este ha de estar debidamente cuberto e acompañado do ticket ou factura de compra no que deben constar ben especificados os seguintes datos do establecemento: nome, CIF, importe e data da compra. **Posteriormente á entrega dos vales o Concello procederá a realizar unha transferencia ás persoas gañadoras cos importes dos premios.**

Quinto.- XURADO

O fallo do xurado será inapelable e terá lugar a partir do 6 de xaneiro de 2022.

O xurado darase a coñecer coa antelación suficiente na páxina web do Concello (www.concellodecuntis.org). Este poderá considerar deserto o concurso de non existir un mínimo de participantes.

Sexto. - CRITERIOS DE VALORACIÓN

- A orixinalidade e a creatividade no seu conxunto: ata 3 puntos.
- O uso de materiais reciclados: ata 5 puntos.
- A estética e o encanto da decoración: ata 3 puntos.
- A montaxe e complexidade: ata 3 puntos.
- A luminosidade do escaparate: ata 3 puntos.
- A expresividade e singularidade da mensaxe: ata 5 puntos.
- Visibilidade da mensaxe: ata 5 puntos.
- A corrección ortográfica da mensaxe: ata 5 puntos.



Concello de Cuntis

Os cinco establecementos que acaden a maior puntuación en cada categoría, serán os gañadores.

As solicitudes e as presentes bases poderán descargarse na páxina web do Concello, recollerse no *Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído "Patelas"* (Rúa Xohán Xesús González, nº 10) ou solicitalas ao correo (omix@concellodecuntis) ou no número 687497591, en horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 h. a 14:00 h..

A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Cuntis resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento do concurso.